

Primaria

# Lingua 5

Programación

## Unidade 15

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Xogo nocturno

### Descrición da unidade

Para rematar o curso elixiuse unha lectura moi adecuada ás datas. Ambientada nun campamento de verán, acompaña aos rapaces e rapazas nestes días próximos ás vacacións cun enfoque divertido. O campamento é o eixe temático vertebrador da unidade, onde ademais se traballan as preposicións e as conxuncións, o uso de // e do *i*, a redacción de notas e avisos, as escenas teatrais... para terminar cunha dobre páxina de despedida que invita a celebrar a noite de San Xoán. Como en cada trimestre, ofrécense tamén dúas páxinas de repaso. Se o docente o estima oportuno, pódese facer un repaso xeral do curso e avaliar que saben facer os escolares despois do camiño percorrido ata aquí.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á acampada.
- Identificación de palabras parónimas.
- Identificación e uso de preposicións e conxuncións.
- Palabras con // e con *i*.
- Redacción de notas e avisos.
- Características das obras teatrais: as escenas.
- Aspectos propios da nosa cultura.

### Temporalización:

Xuño

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido á acampada.
2. Recoñecer e diferenciar palabras parónimas.
3. Identificar e utilizar correctamente preposicións e conxuncións.
4. Escribir correctamente palabras con // e con *i*, evitando as interferencias co castelán.
5. Recoñecer a escena como unha parte da estrutura das obras teatrais.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do texto da lectura cunha actitude favorable.</li> <li>• Lectura e comprensión dun texto narrativo.</li> <li>• Adquisición de novo vocabulario referido á acampada e identificación de palabras parónimas.</li> <li>• Preposicións e conxuncións.</li> <li>• Palabras con // e con <i>i</i>.</li> <li>• Redacción de notas e avisos.</li> <li>• Características do xénero teatral: as escenas.</li> <li>• Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: San Xoán.</li> </ul>	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á acampada e identificar palabras parónimas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á acampada e palabras novas. 3.2. Discrimina palabras que se asemellan na escrita pero non teñen o mesmo significado nin soan igual.
	4. Identificar e utilizar as preposicións e as conxuncións.	4.1. Identifica as preposicións e utilízalas correctamente. 4.2. Recoñece e utiliza algunhas conxuncións.
	5. Escribir correctamente palabras con // e con <i>i</i> .	5.1. Escribe correctamente palabras con // e con <i>i</i> e evita as interferencias co castelán.
	6. Entender e redactar anuncios breves.	6.1. Analiza e interpreta anuncios breves do ámbito cotián. 6.2. Escribe un anuncio.
	7. Recoñecer a escena como unha parte da estrutura das obras teatrais.	7.1. Recoñece as escenas como parte da estrutura das obras teatrais.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD-Audio do LA.</li> </ul>
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> </ul>
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de comprensión lectora dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á acampada e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 1 de reforzo dos RF.</li> </ul>
3.2. Discrimina palabras que se asemellan na escrita pero non teñen o mesmo significado nin soan igual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 2 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
4.1. Identifica as preposicións e utilízalas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 3 reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.</li> </ul>
4.2. Recoñece e utiliza algunhas conxuncións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 2 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
5.1. Escribe correctamente palabras con // e con <i>i</i> e evita as interferencias co castelán.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> <li>• Actividade 4 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
6.1. Analiza e interpreta anuncios breves do ámbito cotián.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
6.2. Escribe un anuncio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> <li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.</li> </ul>

7.1. Recoñece as escenas como parte da estrutura das obras teatrais.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Actividade 5 de reforzo dos RF.</li></ul>
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li></ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Entender o contexto socio-cultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma.	Valora o galego como a lingua propia da nosa comunidade e fáalo con corrección. Manéxase nun contorno bilingüe evitando as interferencias.
	Manexar elementos de comunicación non verbal nas diversas situacións comunicativas.	Fai unha lectura dramatizada dun texto teatral.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Coñece e utiliza con responsabilidade elementos do contorno natural.
	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Identificar e manipular elementos matemáticos en situacións cotiás.	Elabora un horario para situar acontecementos no tempo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.

	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Elabora textos propios a partir da información obtida na Rede.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información na Rede.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante a canción e o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no desenvolvemento dunha actividade.	Organiza unha actividade e xestiona os recursos necesarios.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Identifica potencialidades persoais, como a creatividade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto próximo.	Entende a importancia de respectar unhas normas para unha convivencia harmónica.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora o compañeirismo como relación interpersoal básica para unha convivencia harmónica e como fundamento nos traballos de equipo. Valora a tradición como compoñente da identidade dun pobo.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta, cantar, traballar en grupo e interactuar cos compañeiros, e esfórzase por superar as dificultades.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Goza co teatro, coa beleza do contorno natural e coa riqueza da tradición.
	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese por coñecer as nosas tradicións e por participar nelas.



## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coa ficha de comprensión lectora dos RF.

### Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á acampada no LA e co apoio do dicionario.
- Aprendemos a diferenciar as palabras parónimas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar preposicións e conxuncións.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA a escribir correctamente palabras con // e con *i*, evitando as interferencias co castelán.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a redactar notas e avisos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

### Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a identificar as escenas como partes que estruturan a obra teatral.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coa ficha de reforzo dos RF.

### Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

### Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral a través dos textos que achega a unidade.
- Así mesmo, hai que continuar fixando hábitos de traballo e habituando ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Ademais do repaso trimestral, sería conveniente facer un repaso xeral do curso, atendendo especialmente a aquelas cuestións que teñan representado maior dificultade para o alumnado. Neste sentido, os esquemas, as táboas, os resumos, as fichas... serán recursos de grande utilidade.
- Á parte do repaso de contidos, pídalles que repasen as súas experiencias, vivencias, anécdotas, sensacións... ao longo destes meses, e que as expresen e compartan cos compañeiros. Trátase de avaliar que foi o mellor e o peor para cada un deles, con que recordos de 5.º se quedarían, que cambiarían, etc.
- Lembre a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas tamén en mensaxes curtas como as dun aviso, nota, *whatsapp*, etc.
- Faga fincapé na importancia de manexar distintas fontes de información. É importante que o alumnado se afaga a utilizar a Rede como instrumento de consulta (sempre acompañados dun adulto), así como a utilizar procesadores de texto (de maneira elemental) como ferramenta de traballo.
- Para rematar a unidade, o trimestre e o curso, suxerimos festexar a noite meiga co visionado da película *O soño dunha noite de San Xoán* (baseada na comedia de Shakespeare *O soño dunha noite de verán*). Tamén, pode propoñerlles que elaboren un programa de actividades para esa data: carteis promocionais dos festexos; recompilación de lendas relacionadas con San Xoán; elaboración de receitas que teñan como compoñente básico a sardiña, e doutras de carácter «máxico», preparadas con herbas; creación de esconxuros para ter un bo verán, etc.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
  - Carlos Labraña: *Lendas da noite de San Xoán*, Ed. Everest-Galicia.
  - Eva Peydró: *As vacacións de Saida*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
  - Gloria Sánchez: *Teatro feroz*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
  - Marilar Aleixandre: *O rescate do Peneireiro*, Edicións Xerais, col. Merlín.
  - Paula Carballeira: *Boas noites*, Edicións Xerais, col. Biblioteca Dramática Galega.

- Roberto Vidal Bolaño: «Touporroutou da lúa e do sol», en *Obras completas*, vol. IV, Edicións Positivas.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
  - Páxina web da compañía Berrobambán:  
<http://www.berrobamban.com>
  - Espectáculos e teatro para nenos en Galicia:  
<http://lamariola.es/gl/category/cine-e-espectaculos/teatro-gl/>
  - Noite de San Xoán:  
<http://www.rios-galegos.com/sanxoan.htm>  
[http://galicia.swred.com/festa\\_de\\_san\\_xoan.htm](http://galicia.swred.com/festa_de_san_xoan.htm) (en Galicia espallada)  
<http://snl.vigo.org/archivos/programas/20130614123645a75e8273998c0524e0b7d878f6c9adc4.pdf> (unidade didáctica para traballar a película *O soño dunha noite de San Xoán*)

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación final.
- Avaliación do traballo competencial.
- Avaliación da programación didáctica (véxase o modelo na introdución).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?

- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?